



COMUNICADO DO CLAUSTRO SOBRE AS BASES PARA A ELABORACIÓN DO DECRETO DE PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia fixo público a fins do pasado decembro as chamadas **Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**. Este claustro quere manifestar ás familias do alumnado do centro a súa postura respecto do contido destas bases.

A importancia da lingua galega

A lingua é a máis importante e singular das manifestacións culturais dun pobo. Hai obras que son produto do xenio creador dunha persoa, coma unha novela, hainas que o son dun grupo de persoas durante uns cen anos, como unha catedral. A lingua é o resultado do xenio creador de todo un pobo, de cada unha das súas persoas, ao longo, no caso do galego, dun milleiro de anos. Se perdemos a nosa lingua será unha perda culturalmente peor cá destrución das nosas catedrais ou das nosas obras de arte máis senlleiras. E esa perda non é hipotética, porque a propia UNESCO chegou a incluír o galego na lista de linguas en perigo de desaparición.

Consideracións xerais

- Este claustro considera que se o ensino nas etapas de infantil e primaria, que son as que nos atinxen, chega a regularse conforme ao contido destas bases hanse producir consecuencias que non permitirán conseguir os obxectivos que os currículos oficiais establecen para estas etapas nin nas materias de lingua galega e castelá nin nas demais.

- A maioría dos nosos alumnos e alumnas chegan con tres anos ao centro falando en castelán. Como as relacións que manteñen nas familias e coa maioría dos seus amigos e amigas se producen en castelán e como, ademais, a televisión, os xogos de ordenador ou consolas, a maioría dos libros, etc, todo está en castelán, o contacto co galego vese case exclusivamente circunscrito á escola e na medida na que reduzamos a súa presenza na escola estaremos poñendo en serio perigo o seu dominio do galego. **Se de verdade queremos que os nenos e nenas galegos coñezan e poidan usar con plena competencia a lingua galega**, non podemos aceptar esa posibilidade.

- Como hai manifestacións que afirman que co modelo actual camiñamos cara un monlínguismo en galego, é preciso constatar a realidade. Todos os datos estatísticos confirman que o uso do galego está en retroceso. ¿Cómo se pode afirmar que se camiña cara a imposición da lingua que está en retroceso? Calquera familia do noso centro pode comprobar que nunca se deu o caso de que un neno ou nena que chegase á escola aos tres anos falando en castelán, abandonase esa lingua como a súa primeira lingua. Polo contrario, son moitos os casos dos nenos que chegando á escola falando en galego, abandonan esta lingua como a súa primeira lingua, malia que a familia lles siga falando en galego. Polo tanto a experiencia permítenos asegurar rotundamente que non se corre ningún perigo de que os nenos e as nenas castelán falantes deixen de selo.

Os efectos na educación infantil

De levarse adiante esta reforma nos termos que propón a consellería, é previsíbel que a maioría das familias do noso centro con fillos/as en infantil escollan o ensino en castelán. E esa escolla das familias será vinculante para o centro e o galego pasaría a ter un papel secundario. Se temos en conta que é precisamente antes dos cinco anos cando teñen maior capacidade de adquirir distintas linguas dunha maneira natural e con menor esforzo, está claro que este novo sistema traería resultados altamente negativos. Todo o regulamento lexislativo di que son precisas medidas protectoras do galego e estas bases propoñen o seu abandono.

Os efectos na educación primaria

Polo que se refire a educación primaria a diferenza fundamental coa situación actual é que non se permitirá que se poidan dar máis horas de clase en galego ca en castelán e polo tanto nun contexto coma o noso, onde xa dixemos que os nenos teñen limitado o seu contacto co galego á escola, as posibilidades de acadar un bo dominio do galego quedan moi limitadas, cando, pola contra tal situación nunca se deu en castelán. Na escola comprobamos que, malia todos os esforzos, hai rapaces e rapazas que cando rematan sexto de primaria teñen dificultades para seguir con naturalidade e fluidez unha conversa formal ou informal en galego, problema que non se observa en castelán. Con esta nova norma esta situación agravarase.

Preséntanse estas bases como un modelo no que se permitirá ás familias escoller a lingua de ensino. Non pensen que van escoller moito. En primaria as familias soamente opinarán sobre a lingua na que

prefiren que se imparta as áreas de Coñecemento do Medio e Matemáticas, pero hase ter en conta que ao escoller a lingua nunha delas, a outra área será obrigatoriamente na outra lingua. E isto farase cada catro anos, deste xeito haberá familias que xa non teñen fillos no colexio pero que coa escolla que fixeron no seu día siguen impoñendo o seu criterio durante eses anos. Aqueles nenos/as que se atopen na necesidade de cambiar de centro veranse afectados por esta situación, cousa que non se daría se a administración educativa establececese, como consideramos que é o seu deber e sempre fixo, a lingua vehicular das diferentes áreas.

O inglés

Queremos facer tamén referencia á tan traída e levada incorporación do ensino en inglés, permitindo que un terzo das horas de clase se dean nesta lingua. Este é un caramelo que queda moi bonito nos titulares dos medios de comunicación, pero que encerra unha realidade moitísimo máis vulgar. A incorporación do ensino en inglés nun terzo do horario contéplase nas bases coma un obxectivo a longo prazo, que non chegará a tempo para os alumnos actuais. Será completamente imposible durante bastantes anos que poidamos dar os contidos propios das diferentes áreas en inglés e que os nenos e nenas os entendan. É completamente irreal. Saber contar en inglés non é dar matemáticas en inglés, saber os nomes dos meses e dos días da semana en inglés non é dar Coñecemento do medio en inglés.

A consellería ten manifestado que se establecerán medidas para que o profesorado habilitado para dar clases en inglés teña preferencia á hora de escoller centro, iso leva irremediábelmente a que estes profesores e profesoras escollerán praza naqueles centros que resulten máis convenientes para eles, normalmente os das grandes cidades, quedando os demais centros á espera de que haxa profesorado suficiente, cousa que levará máis anos dos que estarán na escola os alumnos actuais.

Consideramos que sería moito máis eficaz para a aprendizaxe do inglés o mellorar a preparación e os medios do profesorado desa lingua, a contratación de lectores, ou sexa, profesores de orixe de países de fala inglesa, como axudantes do noso profesorado, o incremento de actividades de inmersión, reducir o número de alumnos por grupo, etc. medidas que si sería posible pór en marcha e que podían ser previas ao ensino en inglés para cando se dean unhas condicións que o fagan realmente viábel para todos os centros. En ningún dos países europeos que teñen mellor resolto a aprendizaxe de linguas extranxeiras existe un modelo semellante ao que propón a consellería, razón de máis para que esta proposta sexa considerada coma unha trampa que aproveita a alta valoración social do inglés para darlle un baño de modernidade ao un modelo lingüístico no que se deprecia e pon en risco a pervivencia do galego.

O profesor “a”, os alumnos “b”

Queremos finalmente facer referencia a un apartado destas bases nas que se establece que os alumnos/as, a non ser nas clases de lingua, poderán expresarse en galego ou castelán, indistintamente da lingua na que se imparta unha materia. É dicir un profesor pode impartir Matemáticas en galego porque así o escolleron as familias e se recolle na organización do centro, pero os alumnos poden usar o castelán nesas clases. É unha medida que causa vergoña dende un punto de vista pedagóxico e que, ademais, non ten base legal.

Todos sabemos que o dominio dunha lingua se adquire co estudo pero aínda máis co uso. Se os nosos alumnos se poden limitar a usar unha soa lingua, podemos estar seguros de que soamente dominarán esa lingua. Isto son as consecuencias de crer que establecer obrigacións no ensino vai contra a liberdade das persoas. ¿Que avanzamos impartindo clases en galego a un neno/a que fala habitualmente en castelán se el ou ela vai usar só o castelán porque lle resulta máis cómodo? Isto que se quere facer nos centros pagando con diñeiro público, ninguén o aceptaría se o pagase do seu peto. A demostración desta aberración está nas propias bases, pois esta liberdade de elección non se da co inglés. Se os alumnos teñen clase de matemáticas en inglés, eles terán que usar o inglés nesas clases.

Conclusión

En definitiva, é o pensar deste claustro que a situación actual non é boa, pero consideramos que se o novo decreto vai na liña que se establecen nestas bases, iremos cara unha situación peor e poremos aínda en máis grave risco de desaparición a lingua galega e non poderemos garantir que o noso alumnado chegue a adquirir o dominio do galego que esixen os currículos de educación infantil e primaria.

Como está previsto que o novo decreto entre en vigor para o curso 2010-2011 e que as familias fagan a escolla lingüística no proceso de matriculación, que se realiza entre os meses de marzo e xuño, avanzamos que oportunamente convocaremos as familias a reunións para informar e falar polo miúdo destes cuestións que terán unha grande repercusión na formación dos seus fillos e fillas e poder tomar entre todos as mellores decisións.

Para quen queira ter un coñecemento máis amplo deste tema, na páxina web do colexio atopará vínculos coas bases publicadas pola consellería e coa análise realizada pola Real Academia Galega